INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: SUBMINISTRO DE POSTOS DE TRABALLO INFORMATIZADOS PARA A SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COFINACIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.

1. FUNDAMENTACIÓN DA IDONEIDADE QUE XUSTIFICA A CONTRATACIÓN

1.1. MOTIVACIÓN

O Concello ten adxudicado o subministro e implantación dunha solución de administración electrónica que permitirá cumprir a lexislación en materia de administración electrónica e, en particular, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público (Expediente CON/60/2016).

Máis en detalle, a lexislación á que o proxecto espera dar cumprimento é a seguinte:

- Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público
- Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica
- Real Decreto 3/2010, polo que se regula o esquema estatal de seguridade no ámbito da administración electrónica
- Real Decreto 4/2010, polo que se regula o esquema estatal de interoperabilidade e as normas técnicas derivadas
- Real Decreto 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector público
- Lei 9/2014, de 9 de maio, de telecomunicacións
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.
- Lei 3/1018, de 6 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Por outra banda, a transparencia e o bo goberno atópanse entre os obxectivos estratéxicos do Concello para os próximos años, motivo polo cal se ven de aprobar a Ordenanza municipal de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos, que necesita dunha ferramenta como a proposta para poder levarse a cabo con garantías.

O Concello participa no proxecto "Plataforma de goberno aberto, colaborativa e interoperable" xunto con Zaragoza, Madrid e A Coruña, que foi seleccionado pola Entidade Pública Empresarial Red.es no marco da convocatoria de axudas para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da Axenda Dixital para España, sendo tamén esta ferramenta unha base imprescindible para a xeración de información de calidade que poida alimentar calquera plataforma de datos abertos e calquera servizo de interoperabilidade. Neste senso conta xa cun portal de datos abertos e está implantando a infraestrutura necesaria para o seu mantemento e actualización.

Toda esta evolución técnica e lexislativa fai necesaria unha modernización global da xestión municipal e particularmente do tratamento da información que teña en conta tanto aspectos técnicos coma organizativos, e que estea baseada na eficacia, na eficiencia, na calidade, na innovación, na seguridade, na interoperabilidade e na transparencia, sen deixar de lado dereitos tan importantes como a protección de datos de carácter persoal.

Non se trata polo tanto dun reto menor, que ademais debe acompasarse coa evolución do mercado das tecnoloxías da información e as comunicacións, e coas estratexias, iniciativas e servizos horizontais desenvoltos por outras administracións públicas, nomeadamente a Xunta de Galicia, o Goberno de España e a Unión Europea.

Débese aliñar este proxecto ademais coa estratexia do propio Concello no eido das cidades dixitais, e principalmente co proxecto Smart iAgo, o cal ten na administración electrónica un dos seus eixos fundamentais.

Para establecer as liñas de actuación, levouse a cabo a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno, que constitúe a folla de ruta para a transformación dixital nos vindeiros anos. Isto compleméntase co estudio para a implantación de software libre e estándares abertos que se ven de realizar, e cuxos principios deben servir como base para este proxecto.

Inicialmente tíñase previsto licitar a solución de administración electrónica no marco das axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para cofinanciamento mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, convocadas por orde HAP/2427/2015, concedidas segundo Resolución de 29 de setembro de 2016 da Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, publicada no BOE 239 de 3 de outubro de 2016.

Finalmente isto non foi posible porque, tendo redactados os pregos con anterioridade á concesión das axudas, as cláusulas administrativas presentaban certas incompatibilidades coa convocatoria.

Por este motivo, o Concello optou por financiar o proxecto con recursos propios e destinar a liña de axudas OT2 (Mellorar o uso e calidade das TIC e acceso ás mesmas) á adquisición da infraestrutura TIC indispensable para o seu funcionamento.

Este gasto está previsto na operación "Infraestrutura TIC para a administración electrónica e a innovación", que foi seleccionada en Xunta de Goberno Local con data 19 de xaneiro de 2018 para a súa tramitación perante a Autoridade de xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible.

Na correspondente "Expresión de interese" inclúese unha xustificación da necesidade de renovar, entre outro material informático e de telecomunicacións, os ordenadores persoais dos postos de traballo que farán uso da solución de administración electrónica.

Para que a implantación da solución de administración sexa viable e constitúa un éxito con impacto real na Administración e na sociedade, resulta un requisito indispensable a dotación dunha infraestrutura tecnolóxica compatible e que cumpra coas esixencias tecnolóxicas, de seguridade e interoperabilidade, coa que o Concello non conta na actualidade.

O parque de ordenadores persoais do Concello está na súa meirande parte obsoleto. Isto supón un problema de rendemento, de imposibilidade de actualización e implantación de medidas de seguridade, e de incompatibilidade tecnolóxica que, de non resolverse, fará imposible a implantación da plataforma de administración electrónica e a explotación de servizos horizontais ofrecidos por outras administracións públicas.

Así, un parque de aproximadamente 450 equipos informáticos teñen instalado o sistema operativo Windows XP, na actualidade descatalogado por Microsoft, e non soportan versións posteriores. Isto, ademais de supoñer un grave risco de seguridade, impide á súa vez a actualización doutro software indispensable, como poden ser os navegadores web.

De feito, isto está impedindo xa na actualidade o acceso a servizos de administración electrónica e da propia intranet municipal desde estes postos de traballo.

O proxecto pretende polo tanto dotar do equipamento necesario aos postos de traballo que se vaian incorporando á plataforma de administración electrónica e os servizos asociados.

Para estes efectos, o prego inclúe a adquisición de novos equipos informáticos completos, así coma de compoñentes informáticos para a actualización e reutilización dos que xa existen e se consideran recuperables.

Prevese a paulatina subministración durante a vixencia do contrato, co obxecto de acomodala ás dispoñibilidades orzamentarias de cada anualidade e á viabilidade técnica de implantación. En todo caso, prevese en primeiro lugar a subministración de compoñentes e periféricos para a actualización dos equipos existentes, así como unha maior subministración de equipos no primeiro exercicio, para poder dar resposta axeitada ás necesidades que vaian xurdindo durante o despregamento da devandita plataforma de administración electrónica electrónica.

1.2 DESCRICIÓN DO OBXECTO E ALCANCE

O obxecto da licitación é o subministro de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

Este proxecto prevé dotar ao Concello dun parque de ordenadores preparado para a utilización da solución de administración electrónica e a aplicación de todas as esixencias en materia de seguridade e protección de datos, formando parte do obxecto do contrato:

- O subministro, instalación, configuración, posta en marcha e verificación do correcto funcionamento, dentro das condicións establecidas no prego, de 350 novos ordenadores persoais.

  Esta actuación está encamiñada a substituír todos os equipos que, poda súa situación e obsolescencia, non son tecnicamente recuperables. Inclúe a preparación dunha imaxe coa configuración para a replicación no resto dos equipos.

- O subministro de distintos compoñentes informáticos que se enumeran e detallan no prego.

Esta actuación está encamiñada á actualización hardware daqueles ordenadores que, a pesar de non poder ser utilizados na situación actual, se consideran recuperables.

A oferta debe ter en conta que se pretende acadar unha contorna de usuario homoxénea e facilmente xestionable, de tal xeito que, en caso de ser necesaria a reinstalación ou revisión da configuración de calquera equipo, a súa recuperación e posta en funcionamento sexa practicamente inmediata.

2. DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

2.1 UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor propoñente: Servizo de Informática (44-INFORMÁTICA)

Persoa responsable do seguimento: Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo de Informática.

2.2 OBXECTO DO CONTRATO

Subministro de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

2.3 PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Procedemento aberto.

2.4. DIVISIÓNS POR LOTES

Non existe división por lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza do seu obxecto, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. ART 99)

2.5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Preténdese dispoñer dun parque de postos de traballo informatizados que, aproveitando as vantaxes da tecnoloxía actual, ofreza condicións óptimas de fiabilidade, estabilidade e seguridade para dar soporte á plataforma de administración electrónica e os servizos asociados.

O Servizo non conta cos medios humanos e materiais suficientes para a realización da actividade prevista, polo que se considera necesaria esta contratación.

2.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non se dispón desta información no centro xestor.

2.7. OUTROS CRITERIOS DE SOLVENCIA

Considérase necesario que os licitantes conten coas seguintes certificacións:

- ISO 9001 de xestión da calidade
- ISO 14001 de xestión ambiental

2.8. NOMENCLATURA (CPV)

- 30000000-9 Máquinas, equipo e artigos de oficina e de informática, excepto mobiliario e paquetes de software
- 30200000-1 Equipo e material informático
- 30215000-9 Equipo informático para microordenadores

2.9. PARTIDA ORZAMENTARIA

Aplicación orzamentaria: 030 92001 62600 (2018-2-EDUSI-6)

O proxecto será financiado co cargo ás axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para cofinanciamento mediante o Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020, convocadas por orde HAP/2427/2015, concedidas segundo Resolución de 29 de setembro de 2016 da Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, publicada no BOE 239 de 3 de outubro de 2016.

O importe do proxecto financiable, correspondente á liña de actuación OT2, é de 524.735,70 euros, sendo a taxa de cofinanciación do 80% (419.788,56 euros) e comprometéndose o asumir o Concello o 20% restante (104.947,14 euros).

Cofinanciamento	Importe con IVE	EDUSI OT2	PROPIO
Anualidade / %		80,00%	20,00%
2020	318.640,76	254.912,61	63.728,15
2021	206.094,94	164.875,95	41.218,99
TOTAL	524.735,70	419.788,56	104.947,14

2.10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 433.665,87 euros
- IVE (21%): 91.069,83 euros
- Total: 524.735,70 euros

2.11. DISTRIBUCIÓN POR ANUALIDADES

O subministro de equipamento realizarase baixo demanda durante a vixencia do contrato, cumprindo en todo o caso os fitos establecidos. En base isto e coa previsión do inicio do contrato a 1 de xaneiro de 2020, as anualidades serían as seguintes:

Exercicio	Duración	Importe s/IVE	IVE	Importe c/IVE
2020	12 meses	263.339,47	55.301,29	318.640,76
2021	6 meses	170.326,40	35.768,54	206.094,94
TOTAL	18 meses	433.665,87	91.069,83	524.735,70

2.12. PRAZOS MÁXIMOS DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración prevista de 18 MESES que se contarán a partir do día seguinte ao da súa formalización

2.13. FACTURACIÓN

O provedor presentará unha factura por cada remesa, unha vez recepcionado o material polo Servizo de Informática.

Para o cálculo do importe de facturación de cada remesa utilizaranse como prezos unitarios os establecidos na táboa que se inclúe no informe económico. No caso de terse ofertado baixa económica sobre o orzamento de licitación, esta aplicarase aos devanditos prezos unitarios de xeito proporcional.

En todo caso, preténdese un proceso de renovación do parque progresiva que facilite a implantación da solución de administración electrónica en todos os departamentos e permita ao provedor contar cunha previsión de subministro e facturación.

Para tal efecto, establécense ao longo do contrato unha serie de fitos. Na táboa seguinte reflíctese para cada fito o prazo máximo con respecto ao inicio do contrato. Para o cumprimento do fito deberase ter entregado unha ou varias remesas que en conxunto inclúan todo o material que se enumera.

A data estimada en cada caso obtense supoñendo a data de inicio de contrato indicada no apartado sobre distribución por anualidades, e o importe de facturación estimado baséase nos prezos unitarios do informe económico.

Fito	Mes	Data estimada	Entregables do fito	Importe estimado sen IVE (€)
1	2	31/2/2020	a) Todos os compoñentes e periféricos b) 25 licenzas de Microsoft Office Profesional c) 25 licenzas de Microsoft Office Estándar	49.057,87
2	6	30/06/2020	a) 95 ordenadores persoais b) 95 Licenzas de Microsoft Office Estándar	104.393,60
3	12	31/12/2020	a) 100 ordenadores persoais b) 100 licenzas de Microsoft Office Estándar	109.888,00
4	15	31/03/2021	a) 80 ordenadores persoais b) 80 licenzas de Microsoft Office Estándar	87.910,40
5	18	31/6/2021	a) 75 ordenadores persoais b) 75 licenzas de Microsoft Office Estándar	82.416,00

2.14. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía establécese en 5 ANOS a partir da recepción formal de cada equipo ou compoñente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro
Xefe de servizo de Informática

(asinado electronicamente)

Firmado por JESÚS RODRÍGUEZ CASTRO - 34887777C el día 30/09/2019 con un certificado emitido por AC

Asdo.: Marta Abal Rodríguez
Concelleira delegada de Modernización

(asinado electronicamente)

Firmado por MARTA ABAL RODRÍGUEZ -